



ANEXOS

ANEXO CIRCUITO.

Circuito de Campo a Través. En terreos Feira-Exposición Lugo.

Proba preparatoria 19 de xaneiro 2.014.



CIRCUITO	DESCRIPCIÓN	DISTANCIA
A	D – A – B – C	400 m
B	D – E – G – A – B – C	500 m.
C	D – E – F – G – A – B – C	700 m
D	D – E – F – G – H – A – B – C	1.100 m
Meta	C – Meta	100 m

HORA	CATEGORÍAS	CIRCUITO	DISTANCIA
11:00	Benxamin F	1 volta circuito A	500 m
11:05	Benxamin M	1 volta circuito A	500 m
11:15	Alevín F	1 volta circuito B	600 m
11:30	Alevín M	1 volta circuito C	800 m
11:45	Infantil F	1 volta circuito C	800 m
12:00	Infantil M	1 volta circuito D	1.200 m
12:15	Cadete F	1 volta circuito D	1.200 m
12:30	Cadete M	2 voltas circuito D	2.500 m



PROGRAMA XOGADE (XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS) EN IDADE ESCOLAR PARA CURSO 2013-2014

Organiza:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

SERVIZO PROVINCIAL DE DEPORTES
Ronda da Muralla 70, 1ª planta
27001 LUGO
Telef. 982 29 45 60 – Fax 982 29 45 65
deporte.escolar.lugo@gmail.com

Colabora:



FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO
DELEGACIÓN DE LUGO
Avd. Filarmónica s/n. 27002 Lugo
Teléfono: 982 25 19 99 Móbil: 636 42 67 92
Correo electrónico: fgatletismolugo@gmail.com
Web: <http://fgatletismolugo.freehostia.com>

CAMPO A TRAVÉS



NORMAS XERAIS

INSCRIPCIÓN DOS PARTICIPANTES:

Poderán inscribirse neste programa os centros de ensino, ANPAs, clubs, escolas deportivas municipais, agrupacións deportivas, asociacións, etc, que cumpran os requisitos de inscrición.

A inscrición realizarase a través da aplicación informática que se atopa na páxina Web: www.deporteescolargalego.org.

As datas límite para a inscrición, están especificadas nas distintas modalidades deste programa.



REGULAMENTO COMPETICIÓN CAMPO A TRAVÉS.

INSCRICIÓN S .

Data límite da inscrición dos equipos na aplicación informática da web, o 15 de novembro do 2.013.

A mutualización dos atletas de cada entidade deberá facerse, como máximo, ata 3 días antes da participación no mesmo.

A inscrición farase antes das 23:00 h do xoves anterior a cada proba, excepto para a fase autonómica, na que será antes das 20:00 h do xoves da semana anterior a celebración da proba.

A inscrición realizarase a través do sistema online da FGA na páxina web: www.atletismogalego.org, na páxina principal na sección “inscricions XOGADE” na columna da dereita (ver imaxe adxunta).



Aquelas entidades que non teñan usuario deberán enviar un e-mail a: cofcluis@hotmail.com, indicando o nome da entidade e os datos dun atleta inscrito na web de XOGADE, tras o cal recibirán un e-mail co nome de usuario e contrasinal.

Unha vez dispoñida de alta no sistema online, procederase a entrar na páxina web www.atletismogalego.org e buscar na columna da dereita a pestaña de inscrición online, e dentro desta a relativa á proba na que queremos facer a inscrición. Entrar co nome de usuario e contrasinal e proceder a inscribir aos participantes da entidade.



No caso de non atopar na relación de cada entidade a algún dos deportistas, deberá enviarse un correo para que se engada este deportista á base de datos. Esta xestión farase enviando ao correo cofcluis@hotmail.com os seguintes datos (nome e apelidos, data de nacemento, clube, licencia ou mutualidade, ...)

Calquera dúbida relativa coa inscrición poderase chamar por teléfono a FGA (981291683) a atención de Luis.

CATEGORÍAS :

Categorías no curso 2013-2014.

CATEGORÍA	ANOS
Benxamin	2006-2005
Alevín	2004-2003
Infantil	2002-2001
Cadete	2000-1999

SISTEMA DE COMPETICIÓN.

Cada centro, club ou entidade deportiva poderá participar, na primeira fase, co número de equipos que o desexen en cada categoría, sempre que a súa nomenclatura os diferencie. Para as seguintes fases, ás entidades clasificadas poderán formar os equipos seleccionando os seus atletas. Para todas as categorías celébranse dúas fases locais, fase provincial, e fase autonómica.

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS.

Cada equipo estará formado por seis corredores/as, dos/as que puntuarán os/as catro mellor clasificados/as ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

CLASIFICACIÓNS.

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual. Seguindo a orde de entrada na meta.
- Por equipos. A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, gañando o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles, equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, no seu caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.



Os equipos estarán formados por 6 atletas, como máximo, dos que puntuarán os 4 primeiros na categoría benxamín, alevín e infantil, e 3 na categoría cadete.

Os compoñentes de cada equipo en cada unha das fases para as que se clasifiquen, non terán que ser necesariamente os mesmos.

Para o Campionato Galego (alevín, infantil e cadete) clasificaranse os 2 mellores equipos de cada fase provincial, así como os 8 primeiros atletas clasificados a nivel individual que non estiveran incluídos nos equipos clasificados.

En ningún caso se correrá o posto de invitado os atletas que chegaran a partir do 8º clasificado.

Este procedemento será o mesmo para a clasificación do Campionato Provincial (benxamin, alevín, infantil e cadete).

En casos excepcionais, ou por interese da Selección Galega, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá autorizar a participación de atletas a título individual, que non participasen no Campionato Provincial, ou na fase comarcal, previa proposta razoada da F.G.A. e debidamente documentada.



CALENDARIO DE PROBAS .

As probas a celebrar son:

- 19 de xaneiro de 2.014 – Proba preparatoria – Zona Centro Lugo*
- 2 de febreiro de 2.014 – Fase zonal clasificatoria – Zona Centro Lugo*
- 9 de febreiro de 2.014 – Campionato Provincial **
- 8 de marzo de 2.014 – Campionato Galego (A Coruña)

* Ditas probas celebraranse no Circuíto da zona do parque da Feira Exposición (zona comprendida entre a Feira Exposición e Río Miño) en Lugo.

** Lugar de celebración pendente de confirmación.

DISTANCIAS .

Cadro de distancias máximas por categorías e probas.

CATEGORÍAS	LOCAL	ZONAL	PROVINCIAL	GALEGO
Benxamin F	500 m	600 m	700 m	-----
Benxamin M	500 m	600 m	700 m	-----
Alevín F	600 m.	800 m.	1.200 m	1.500 m
Alevín M	800 m.	1.200 m	1.600 m	2.000 m
Infantil F	800 m.	1.200 m	1.600 m	2.000 m
Infantil M	1.200 m	1.800 m	2.000 m	2.500 m
Cadete F	1.200 m	1.800 m	2.500 m	3.000 m
Cadete M	2.500 m	3.500 m	4.000 m	5.000 m

MÁIS INFORMACIÓN .

Federación Galega de Atletismo:
www.atletismogalego.org

Secretaría Xeral para o Deporte:
www.deporteescolargalego.org

Deporte Escolar en Lugo:
<http://deporteescolarlugo.blogspot.com/>

Delegación en Lugo da FGA:
<http://www.fgatletismo.es/lugo>